

## ACTA DA SESIÓN NÚMERO 3 DA MESA DE CONTRATACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO NÚMERO 2022/C004/000008

### SERVIZO DE COMUNICACIÓN E RELACIÓNS PÚBLICAS DO CONCELLO DE CURTIS

LUGAR: Casa do concello

DATA: 28/11/2022

HORA DE COMEZO: 09:35

HORA DE REMATE: 09:46

#### ASISTENTES:

Presidente: Don Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis

Vogais:

- Dona Rosa María Buján Ordóñez, secretaria-interventora do Concello de Curtis, vogal titular
- Dona María Fajardo de Andrade Vázquez, técnica de intervención, vogal titular
- Dona Marta María Roca Souto, auxiliar administrativa, vogal titular

Secretaria: Mónica Gesto Nieto, administrativa

#### DESIGNACIÓN DE TÉCNICO PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS TÉCNICAS.

A mesa, na sesión que tivo lugar o pasado 7 de xuño, acordou que as ofertas técnicas foran valoradas pola xornalista, Natalia Palmou Cibeira.

A persoa anteriormente citada, por motivos laborais, no puido proceder á emisión do informe solicitado polo que, a mesa reúne para a designación dunha nova persoa encargada da valoración das ofertas técnicas.

A secretaria-interventora, ante esta situación, pon de manifesto as seguintes alternativas:

- Solicitar asistencia técnica á Deputación da Coruña, ou ben,
- Celebrar un contrato de servizos cunha persoa que teña a cualificación necesaria para valorar as ofertas e emitir o correspondente informe de valoración

A vista do indicado pola asesora xurídica do concello, o presidente da mesa propón solicitar á valoración de ofertas a un funcionario da administración local con máis de vinte anos de experiencia no ámbito da comunicación, publicidade e promoción, e que, actualmente, exerce como director da radio local do concello de Arzúa, Armando Cascón Rodríguez. O resto de integrantes da mesa manifesta que ha de ser a alcaldía quen solicite o correspondente informe, polo que se acorda pedir o correspondente informe a Armando Cascón Rodríguez.

Sen mais asuntos que tratar o presidente levanta a sesión e eu redacto esta acta que asinan electrónicamente todos os membros da Mesa.